



**PROXECTO PEDAGÓXICO
DIDÁCTICO PARA A
IMPLANTACIÓN DA XORNADA
LECTIVA EN SESIÓN
ÚNICA DE MAÑÁ**

CPR PLURILINGÜE HERMANOS QUIROGA
2ª Travesía Antonio Palacios nº 16
36400 – O Porriño
986330689

cpr.hermanos.quiroga@edu.xunta.es
www.colegiohermanosquiroya.es

1. DENOMINACIÓN DO CENTRO E DATOS OFICIAIS	Páx. 3
2. CONTEXTUALIZACIÓN	Páx. 4
3. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	Páx. 7
4. NÚMERO DE ALUMNOS POR NIVEL E ETAPA EDUCATIVA	Páx. 9
5. PROXECTO PEDAGÓXICO – DIDÁCTICO	Páx.10
5.1. Obxectivos específicos	Páx.10
5.2. Medidas a desenvolver para a súa execución	Páx.11
5.3. Recursos previstos para o efecto	Páx.12
6. HORARIO XERAL DO CPR	Páx.16
6.1. Horario lectivo proposto	Páx.16
6.2. Horas nas que o centro estará aberto fóra do horario lectivo	Páx.17
6.3. Dedicación dos mestres polas tardes	Páx.17
7. PLAN USO DA BIBLIOTECA	Páx.18
7.1. Características da Biblioteca	Páx.18
7.2. Obxectivos	Páx.19
8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	Páx.20
9. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO	Páx.24
9.1. Equipos de ciclo	Páx.24
9.2. Comisión de coordinación pedagóxica	Páx.28
9.3. Equipo de normalización e dinamización lingüística	Páx.29
9.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares	Páx.31
10. PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO	Páx.32
11. HORARIO DE TRANSPORTE	Páx.32
12. REUNIÓN DO PROFESORADO E ATENCIÓN ÁS FAMILIAS	Páx.33
13. PROCESO E PRAZOS	Páx.33
14. REFLEXIÓN FINAL	Páx 34

1- DENOMINACIÓN DO CENTRO E DATOS OFICIAIS

Denominación: CPR PLURILINGÜE HERMANOS QUIROGA

Código centro: 36006973

Enderezo: 2ª Travesía Antonio Palacios nº 16

Tlf. : 986330689

Correo electrónico: cpr.hermanos.quiroga@edu.xunta.gal

Páxina web: www.colegiohermanosquiroya.es

CIF : B36023570

2- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O CPR Plurilingüe Hermanos Quiroga está situado no Porriño. As familias do alumnado que veñen ao noso centro son de clase media-baixa, procedentes dun medio urbano, con ambiente de barrio e dos arredores da vila, aínda que tamén temos alumnado que procede de concellos limítrofes como Mos, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño ou Tui.

O centro consta de dous edificios de tres plantas. No primeiro e segundo andar atópanse as clases de Educación Infantil, Primaria, Dirección, Secretaría, sala de profesorado e diversas salas de uso común, no segundo andar están as instalacións da ESO (clases, aula de apoio, aula de uso común-audiovisuais, despacho do profesorado da ESO). Contamos ademais cun patio extenso, unha zona deportiva cuberta que conta con vestiarios e almacén.

En total os recursos que dispón o centro son os seguintes:

- Biblioteca.
- Unha sala de audiovisuais, con Pizarra dixital interactiva (PDI).
- Laboratorio.
- Aulas de usos múltiples.
- Aula de PT/AL.
- Despacho de orientación.
- Ximnasio.
- Aula de tecnoloxía.
- Aulas de apoio escolar.
- Sala de reunións.
- Tres aulas de Infantil (dotadas con PDI).
- Seis aulas de Primaria (dotadas con PDI).
- Catro aulas da ESO (dotadas con PDI)

O noso centro ten neste curso 229 alumnos/as entre Educación Infantil, Educación Primaria e a ESO. Non existe conflitividade na relación do centro coas familias nin co alumnado. Tampouco as familias presentan unha problemática determinada que provoque tensións ou propicie intervencións educativas especiais. Se ben é verdade que a realidade actual das familias ante a gran crise económica que se está a vivir provoque que algunhas familias vexan acrecentados os seus conflitos internos, falamos do caso de divorcios, separacións, paro, etc.

No noso Proxecto Educativo propoñémonos dar a mellor resposta educativa aos nosos alumnos e alumnas. Con esta premisa planificamos o mellor aproveitamento dos recursos dos que dispoñemos para ofrecer un ensino de calidade, atendendo as necesidades individuais para que cada un dos nosos alumnos e alumnas poidan acadar satisfactoriamente o desenvolvemento das diferentes competencias clave.

Na actualidade, as institucións educativas deben estar abertas aos cambios que continuamente formula a sociedade actual. Hoxe en día atopámonos cunha sociedade en continua evolución na que a escola non é o único referente educativo, senón que a maioría das familias buscan actividades extraescolares de todo tipo para completar a formación educativa dos seus fillos e fillas. Nos últimos anos recibimos moitas peticións de familias que nos demandan un cambio de horario xa que cada vez lles é máis complicada a conciliación familiar, moitas, incluso cambiaron de centro facéndonos saber que o horario con xornada partida era o único motivo deste cambio, estes foron os motivos principais polo que decidimos iniciar este proxecto de implantación da xornada única de mañá.

A maioría do noso alumnado é orixinario da zona do Porriño e arredores, pero nos últimos anos tamén contamos con varias familias procedentes de países hispanoamericanos. En xeral, este alumnado non parece experimentar dificultades de integración ao medio escolar, a excepción da adaptación ao currículo xa que en algúns casos existe un desfase curricular que é solucionado a través de reforzos especiais ou coa repetición de curso.

O noso centro conta na actualidade cun equipo de 20 profesoras e profesores estable, unha auxiliar para Educación Infantil e dúas persoas de PAS. A maior parte do profesorado ten xornada completa, a excepción dalgúns profesores na etapa da Secundaria. Ademais do profesorado das diferentes materias contamos cunha PT e mais cunha AL que desempeñan o seu labor principalmente en Educación Infantil e Primaria, e unha Orientadora que se encarga da Secundaria e de casos salientables das outras etapas educativas.

Non existe tampouco ningunha conflictividade destacable nas relacións persoais. En xeral, hai unha boa disposición para participar nas iniciativas que se propoñen, e funcionamos todos e todas “a unha”, é dicir somos un equipo e tentamos levar a cabo o ideario do centro dentro da mesma liña, incluíndo as diferenzas persoais de cada un, que tamén caben nos nosos proxectos.

3- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Para a implantación da Xornada Continua en sesión única de mañá, seguimos as directrices marcadas na lexislación vixente: Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados. (DOG, 06/06/2008).

Nos cursos anteriores, como xa dixemos con anterioridade, na comunidade educativa do colexio xorde a inquietude de realizar o cambio da xornada partida a unha xornada continua de mañá. Este feito foi constatado nunha consulta interna que se lles fixo ás familias no mes de outubro sobre cal era a súa preferencia con respecto ó horario escolar, nesta consulta, que non tiña validez, o 83% das familias expresou a súa preferencia pola xornada única.

Tamén cremos necesaria a adaptación a un horario semellante ós dos distintos centros do Concello e da contorna, xa que somos o único con xornada partida.

Vantaxes:

- Mellora do rendemento académico do alumnado, racionalizando o horario e aproveitamento mellor das últimas sesións.
- Mellor aproveitamento do seu tempo de lecer e as súas horas de estudo.
- Permite unha vida familiar e escolar máis organizada, conciliando a vida familiar e escolar.
- Mellora o nivel educativo ao aumentar a oferta de actividades formativas de carácter complementario.

- Mellor distribución das actividades. Pola mañá, para as curriculares e pola tarde, para as extraescolares.
- Poder realizar as actividades extraescolares cun horario máis flexible.
- Favorece o dereito que teñen os nenos e nenas a gozar de tempo de lecer.
- Desenvolven os aspectos curriculares en xornada de mañá onde se aproveita mellor a súa capacidade de atención.
- Posibilita unha educación máis integral xa que dá a posibilidade de elixir con máis liberdade entre as diferentes propostas que podan presentar.

Familias:

- Entendemos que a familia é o primeiro axente socializador onde o suxeito nace e se desenvolve. Pola tanto, se conseguimos unha melloría nos tempos da vida familiar:
 - a) Axudaríamos a un mellor coñecemento dos fillos e fillas no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - b) Mellorariamos as relacións escola-contorna, creando actitudes máis abertas, positivas, colaborativas, participativas...

4- NÚMERO DE ALUMNOS POR NIVEL E ETAPA EDUCATIVA

CURSO	Nº DE ALUMNOS
4º Infantil	15 ALUMNOS
5º Infantil	10 ALUMNOS
6º Infantil	19 ALUMNOS
1º Primaria	18 ALUMNOS
2º Primaria	16 ALUMNOS
3º Primaria	14 ALUMNOS
4º Primaria	20 ALUMNOS
5º Primaria	19 ALUMNOS
6º Primaria	22 ALUMNOS
1º ESO	24 ALUMNOS
2º ESO	17 ALUMNOS
3º ESO	21 ALUMNOS
4º ESO	14 ALUMNOS
TOTAL	229 ALUMNOS

5 - PROXECTO PEDAGÓXICO DIDÁCTICO

5.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Ofertar unha ensinanza de calidade á que poidan optar nenos e nenas sen ningún tipo de discriminación.
- Acadar un bo funcionamento dos equipos docentes e dos distintos departamentos para acadar unha boa coordinación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Potenciar unha ensinanza activa e participativa tanto dentro como fóra da aula.
- Favorecer a relación da nosa escola co entorno mediante a organización de actividades conxuntas con entidades sociais e educativas.
- Desenvolver e levar a cabo un programa de actividades complementarias e extraescolares ofertando algunhas delas gratuítas de acordo as características do noso centro.
- Potenciar o uso da lingua galega.
- Acadar a implicación do alumnado en todo o proceso educativo desenvolvido no centro.
- Colaborar co Consello Escolar na programación de actividades en beneficio dos nenos e nenas.
- Favorecer unha boa relación entre todos os sectores da Comunidade Educativa.
- Levar a cabo o proxecto lector do centro en tódalas etapas, tentando potenciar o uso das linguas autóctonas e das estranxeiras.
- Desenvolver os obxectivos e as competencias básicas establecidas nos currículos de EI, EP e ESO tal e como veñen regulados nestes.

5.2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

- Teremos que levar a cabo unha aprendizaxe significativa que parta dos coñecementos do neno, que utilice a experimentación e, ao mesmo tempo, que sexa motivadora para os nenos e nenas.
- Utilizaremos un método activo no que o xogo, a actividade, a manipulación e a experiencia sexan os instrumentos principais de acción e aseguren así a participación do alumnado nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Potenciaremos de xeito especial o tratamento dos temas transversais, a partir dos cales debemos planificar toda acción e labor educativa.
- Debemos favorecer o diálogo entre alumnos/as e mestres/as.
- Levaremos a cabo actividades nas que o alumno invente, constrúa, analice e compare de xeito individual pero tamén de xeito colectivo.
- Potenciaremos o uso de espazos como o laboratorio, biblioteca, aula taller, etc., de xeito que os nenos e nenas poidan observar e experimentar.
- Potenciaranse nos alumnos e alumnas o respecto polo entorno, o coidado do material e da súa aula, así como do resto das dependencias do centro.
- Promoverase unha educación persoal respectando as diferencias individuais de cada alumno e adecuar as accións educativas a cada un deles.
- Melloraremos a sociabilidade dos alumnos coa realización de actividades fóra do centro como saídas, visitas ou actividades con outras entidades sociais ou educativas.

- Defenderemos unha formación na igualdade con respecto ó sexo, raza, relixión, etc., rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Faremos especial fincapé na atención á diversidade, de xeito que cada alumno e alumna reciba unha educación acorde ás súas características individuais.
- Ofertarase atención psicopedagóxica, reforzo educativo e adaptacións curriculares, así como outras medidas educativas que se estimen a todos aqueles nenos e nenas que o poidan necesitar.
- Favoreceremos a formación permanente do profesorado para poder dar así respostas educativas axeitadas en cada unha das situacións que se poidan presentar.

5.3. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

O noso centro atópase situado na segunda Travesía Antonio Palacios número 16, foi unha construción realizada a finais da década dos anos 70.

O longo dos anos foron realizadas modificacións e reformas, por un lado, para manter as instalacións en boas condicións e acadar un maior aproveitamento do espazo e, por outro, para adecuar as instalacións ás exixencias da LOGSE no que á implantación da ESO se refire. Na década dos 90 o edificio principal viuse ampliado coa construción dun edificio anexo, coñecido entre a comunidade educativa como o edificio novo.

O **edificio principal** conta na actualidade con 3 plantas distribuídas do seguinte xeito:

PLANTA BAIXA:

- Taller de tecnoloxía

1º ANDAR:

- Aulas de Infantil
- Sala de reunións
- Despacho de dirección e secretaría
- Gabinete médico
- Gabinete de orientación
- Sala de Servizos (Fotocopiadora, arquivos, etc.)
- Aseos

2º ANDAR:

- 2 aulas de Educación Primaria
- 1 aula de Educación Secundaria
- 1 Aula de RE
- 1 Laboratorio
- 1 aula de convivencia
- Aseos

3º ANDAR:

- 3 aulas de Educación Secundaria
- Aseos
- Sala de profesorado

O **edificio novo** conta tamén con tres plantas distribuídas do seguinte xeito:

PLANTA BAIXA:

- Gimnasio
- 1 aula de psicomotricidade
- Vestiarios
- Aseos
- Camerino
- Aula de Educación Infantil
- Ascensor
- Cafetería

1º ANDAR:

- Aula de PT e AL
- Semirario
- Aula de 1º Primaria
- Aseos
- Ascensor

2º ANDAR:

- 3 aulas de Primaria
- Aseos
- Ascensor

3º ANDAR:

- Biblioteca
- Aula de Informática
- 1 aula de Música
- Ascensor
- 1 Almacén
- Aseos

Ademais dos dous edificios, o noso centro conta con dúas pistas deportivas de grandes dimensións e unha zona natural que é a nosa carballeira, lugar onde está situado o parque infantil.

O noso centro conta ademais co mobiliario necesario para o desenvolvemento da acción educativa (mesas, cadeiras, estantes, taboleiros, armarios, etc.), aínda que se fai necesaria a renovación de xeito progresivo de dito mobiliario e a aportación de material pedagóxico-didáctico, para o que sempre temos en conta por suposto a dispoñibilidade económica do centro e a prioridade de necesidades.

6 - HORARIO XERAL DO CPR

6.1. HORARIO LECTIVO PROPOSTO

Aula matinal: de 8:30 a 9:00 h. (10 € / mes)

Horario lectivo proposto EI e EP: 9:00h – 14:30h. de luns a venres.

Horario lectivo proposto ESO: 9:00h – 14:30h de luns a venres, e
martes de 16:30-18:10.

Actividades extraescolares pola tarde de 16:00 a 18:00 horas. Oferta gratuíta e de pago.

TRAMOS HORARIOS		
EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA	EDUCACIÓN SECUNDARIA
9.00-9.50 1ª sesión (50´)	9.00-9.55 1ª sesión (55´)	9.00-9.50 1ª sesión (50´)
9.50-10.40 2ª sesión (50´)	9.55-10.50 2ª sesión (55´)	9.50-10.40 2ª sesión (50´)
10.40-11.05 RECREO (25´)	10.50-11.45 3ª sesión (55´)	10.40-11.30 3ª sesión (50´)
11.05-11.55 3ª sesión (50´)	11.45-12.15 RECREO (30´)	11.30-12.20 4ª sesión (50´)
11.55-12.45 4ª sesión (50´)		12.20-12.50 RECREO (30´)
12.45-13.10 RECREO (25´)	12.15-13.10 4ª sesión (55´)	12.50-13.40 5ª sesión (50´)
13.10-14.00 5ª sesión (50´)	13.10-14.00 5ª sesión (50´)	13.40-14.30 6ª sesión (50´)
14.00-14.30 Plan lector Actividades complementarias	14.00-14.30 Plan lector Act. Complementarias	SÓ UNHA TARDE (Martes)
16.00-17.00 Actividades extraescolares	16.00-17.00 Actividades extraescolares	16.30-17.20 7ª sesión (50´)
17.00-18.00 Actividades extraescolares	17.00-18.00 Actividades extraescolares	17.20-18.10 8ª sesión (50´)

6.2. HORAS E CONDICIÓN EN QUE O CENTRO PERMANECERÁ ABERTO PARA A COMUNIDADE ESCOLAR FÓRA DO HORARIO LECTIVO

O centro abrirá as portas en horario de mañá ás 9:00 horas permanecendo aberto ata as 14:30 horas. A hora matinal estará dispoñible de 8:30 a 9:00 horas para o alumnado que precise deste servizo.

Polas tardes, o horario será de luns a venres de 16:00 a 18:10 horas, de 16:00 a 17:00 estará en funcionamento o servizo de biblioteca.

Por outra banda, o centro escolar poderá permanecer aberto ata as 20:00h. para desenvolver as diferentes actividades extraescolares, charlas na escola de pais/nais e cursos de formación, claustros, etc.

6.3- DEDICACIÓN DOS MESTRES POLAS TARDES.

Tal e como se di na orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá, con independencia da participación ou non do profesorado na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares, todo o profesorado terá dúas horas complementarias fixas en horario de tarde. Polo que de luns a venres, en horario de 16:00 a 18:00 horas sempre haberá, cando menos, un mestre de garda.

7 - PLAN USO DA BIBLIOTECA

7.1. CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA DO CENTRO.

A biblioteca do CPR Hermanos Quiroga está no edificio novo, situada no terceiro andar, que se corresponde co último do noso centro, cunha dimensión suficiente para albergar vinte alumnos. É un espazo que conta con gran luminosidade, ventilación e de doado acceso para todo o alumnado, xa que ten ascensor na propia sala.

En canto ó mobiliario, na biblioteca temos dúas mesas rectangulares que teñen cabida para vinte alumnos aproximadamente coas súas respectivas cadeiras ao redor. Temos a parede forrada de andeis onde están clasificados os libros por materias e idade, mesturando a lingua galega, castelá e inglesa. Ademais ten “O recuncho dos trasnos”, un espazo especial para o alumnado de infantil e primeiro ciclo de primaria, que conta con andeis á súa altura, chan de herba artificial e coxíns para gozar dunha lectura cómoda e divertida. Finalmente, na biblioteca tamén temos 4 terminais informáticos con acceso a internet.

A biblioteca está aberta durante tódolos períodos lectivos para que os mestres ou alumnos que o desexen poidan en calquera momento empregala, tanto sexa para consultar un documento, para facer traballos de investigación ou para que os alumnos vaian ler.

De luns a venres en horario de 16:00 ata 17:00 horas permanecerá a disposición dos alumnos ou alumnas que así o desexen, permanecendo sempre baixo a supervisión dun mestre do colexio.

Para completar o servizo de biblioteca, en todas as aulas de educación primaria contamos cunha pequena biblioteca de aula “itinerante”, para motivar á lectura.

7.2. OBXECTIVOS

O obxectivo principal é facer da biblioteca un recurso útil para o fomento da lectura, un espazo integrador, é dicir, un espazo vivo e dinámico, non un simple depósito de libros e documentos. Entre outros obxectivos cabe destacar:

- A biblioteca deberá ser, ante todo, un lugar de aprendizaxe, de encontro e comunicación, integrada no proceso pedagóxico para favorecer a autonomía e a responsabilidade do alumno.
- Será tamén un lugar para practicar a cooperación, é dicir, un lugar onde o alumnado comparta tempo, traballos e lecturas con outros compañeiros.
- Aumentar a motivación pola lectura como unha base moi importante para unha aprendizaxe significativa e de calidade.
- Desenvolver o sentido crítico do alumnado.
- Mellorar os resultados académicos do noso alumnado desenvolvendo as técnicas instrumentais de expresión e comprensión oral e escrita.

8.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- O Plan de actividades extraescolares do centro, que se desenvolverán principalmente pola tarde, será semellante ó que se leva a cabo na actualidade, coa diferenza de que se verán incrementadas coa oferta de actividades.
- O horario habitual das actividades será de 16:00 a 18:00 todos os días lectivos do curso, menos nos meses de xuño e setembro.
- Todas as actividades caracterizaranse por:
 - a) Serán de carácter voluntario.
 - b) Serán actividades abertas e de interese para todo o alumnado do Centro.
 - c) Non terán carácter discriminatorio.
- A inscrición en cada actividade realizarase no mes de setembro na Secretaría do colexio.
- As actividades extraescolares serán desenroladas por empresas externas, excepto as xestionadas polo propio centro.
- As actividades deberán ter un número mínimo de alumnos para poder levalas a cabo.

ETAPAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Educación Infantil 1º e 2º de Primaria	Ludoteca Taller de creatividade 16:00 a 17:00 17:00 a 18:00 Gratuíta	Ludoteca Taller de creatividade 16:00 a 17:00 17:00 a 18:00 Gratuíta	Ludoteca Taller de creatividade 16:00 a 17:00 17:00 a 18:00 Gratuíta	Ludoteca Taller de creatividade 16:00 a 17:00 17:00 a 18:00 Gratuíta	Ludoteca Taller de creatividade 16:00 a 17:00 17:00 a 18:00 Gratuíta
Ed. Infantil 1º e 2º de Primaria		Arts and crafts 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar	Lingua de signos 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar	Reciclaxe creativa 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar	
Primaria ESO	BIBLIOTECA 16:00 – 17:00	BIBLIOTECA 16:00 – 17:00	BIBLIOTECA 16:00 – 17:00	BIBLIOTECA 16:00 – 17:00	BIBLIOTECA 16:00 – 17:00
Primaria	Estudo guiado Ed. Primaria 16:00 a 18:00 Gratuíta	Estudo guiado Ed. Primaria 16:00 a 18:00 Gratuíta	Estudo guiado Ed. Primaria 16:00 a 18:00 Gratuíta	Estudo guiado Ed. Primaria 16:00 a 18:00 Gratuíta	Estudo guiado Ed. Primaria 16:00 a 18:00 Gratuíta
1º a 6º de Primaria	Pilates 1º a 6º Primaria 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar	Taller de expresión escrita 3º a 6º Primaria 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar	Matemáticas divertidas 3º a 6º Primaria 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar	Xadrez 3º a 6º Primaria 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar	Coro 1º a 6º Primaria 16:00 a 17:00 Cota mensual: a determinar
1º a 6º de Primaria	EXTRAESCOLAR 17:00 – 18:00 EMPRESA EXTERNA Cota mensual: a determinar	EXTRAESCOLAR 17:00 – 18:00 EMPRESA EXTERNA Cota mensual: a determinar	EXTRAESCOLAR 17:00 – 18:00 EMPRESA EXTERNA Cota mensual: a determinar	EXTRAESCOLAR 17:00 – 18:00 EMPRESA EXTERNA Cota mensual: a determinar	EXTRAESCOLAR 17:00 – 18:00 EMPRESA EXTERNA Cota mensual: a determinar

As actividades extraescolares en horario de 17:00 a 18:00 horas serán xestionadas por unha empresa externa e polas escolas deportivas do concello, polo que poderán sufrir pequenos cambios en función dos grupos e horarios que se formen, para que unha actividade se leve a cabo deberá haber un grupo mínimo de alumnos ou alumnas.

- **ACTIVIDADES EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:** O noso obxectivo é que todas as familias que o precisen teñan acceso ás actividades en horario de tarde polo que todos os días haberá actividades extraescolares de carácter gratuíto para o alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.
- **EXTRAESCOLARES:** Por exemplo: Zumba, Baile Moderno, Ximnasia rítmica, Master Chef, Customización de roupa, Coro... (Tanto os días definitivos como o custo destas actividades extraescolares xestionadas por empresas externas, determinaranse ao inicio do próximo curso).
- **BIBLIOTECA:** Servizo de atención ós alumnos/as, que se utilizará de maneira continuada ó longo do curso.

Todas estas actividades poderán sufrir lixeiros cambios en función das diferentes contratacións.

A organización do horario de tarde será como segue:

- Nas sesións de actividades extraescolares, serán os mestres/as de garda os que organizarán ó alumnado que estea presente na Biblioteca, Ludoteca ou actividades.
- Ó remate das actividades da primeira sesión, os mestres/as de garda farán entrega do alumnado que estivo nesta ás distintas actividades extraescolares da segunda sesión ou ás nais/pais/titoras/titores legais que desexen recoller ao alumnado ás 17:00 ao finalizar a primeira sesión.

HORARIO DE ACCESO E RECOLLIDA DO ALUMNADO EN HORARIO DE TARDE
--

O alumnado poderá acceder ao centro para as actividades extraescolares ao comezo de cada sesión. O horario de apertura do centro será ás 16:00 horas.

As familias poderán recoller ó alumnado que asista ás actividades extraescolares unha vez rematado o horario de cada sesión.

HORARIO DE RECOLLIDA	
17:00	Ó rematar a primeira sesión de actividades
18:00	Ó rematar a segunda sesión de actividades

En calquera caso, co cambio da xornada partida á xornada única en sesión de mañá garántense:

- As 5 horas lectivas diarias.
- Funcionamento dos servizos ofertados na actualidade: Transporte Escolar e horario de tarde con oferta de actividades ata as 18:00 horas.
- As xuntanzas dos órganos de goberno e de coordinación docente do Centro, así como a atención a pais e nais.

9.- ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

A organización do profesorado é un aspecto fundamental para acadar un óptimo proceso educativo. Co fin de acadar este obxectivo funcionarán no centro os seguintes órganos de coordinación docente:

- Equipos de ciclo
- Departamentos
- Comisión de coordinación pedagóxica
- Equipo de normalización e dinamización lingüística
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares

9.1. EQUIPOS DE CICLO

Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias do ciclo. Cada equipo agrupará a tódolos mestres e mestras que imparten docencia nel. Funcionarán no centro 5 equipos docentes:

1. Educación Infantil
2. 1º ciclo de Ed. Primaria
3. 2º ciclo de Ed. Primaria
4. 3º ciclo de Ed. Primaria
5. Educación Secundaria

Cada equipo docente contará cun coordinador nomeado polo equipo directivo do centro, os coordinadores levarán a cabo as seguintes funcións:

- Estimular o traballo en equipo.
- Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a

memoria final de curso do ciclo que lle corresponde.

Serán competencias do equipo de ciclo as seguintes:

a.- Competencias xerais:

- Analizar e realizar os cambios que se consideren oportunos do proxecto curricular co fin de axustar os obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación á realidade do noso centro.
- Elaborar uns criterios de avaliación e promoción que fagan posible unha flexibilidade do proceso de avaliación tendo en conta as características dos alumnos e alumnas do noso centro.
- Facilitar ó máximo o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos nenos e nenas con N.E.E.
- Estudar e analizar as distintas adaptacións do currículo, dende o reforzo educativo ata as adaptacións curriculares asegurando así o ensino comprensivo e de atención á diversidade.
- Programar e potenciar as saídas fóra da escola, o uso do material audiovisual e de espazos como a biblioteca, laboratorio, etc.
- Avaliar periodicamente os resultados do proceso educativo establecendo as medidas correctoras que procedan.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

b.- Competencias específicas:

- Ler e analizar os informes individualizados dos alumnos e alumnas elaborados polo titor/a do curso anterior.
- Analizar os resultados da avaliación inicial realizada con tódolos alumnos e alumnas do centro.
- Analizar a adaptación dos novos alumnos do noso centro e buscar respostas de adaptación naqueles casos en que se presentes dificultades.
- Elaborar a memoria de fin de curso do ciclo correspondente.

Os equipos docentes deberán reunirse 1 vez ó mes e recoller na acta destinado a tal fin tódolos temas tratados en cada unha das reunións.

c.- Organización dos Equipos de ciclo:

- **Ed. Infantil**

Coordinador: Emilia Carrera Figueroa

Membros: Patricia Alonso López

Cristina Trillo Álvarez

Adoración Estévez Gómez

- **1º ciclo de Educación Primaria**

Coordinadora: Cristina Alonso López

Membros: María de Carmen Lodeiro Bugallo

Yolanda Baquero González

David Fernández Saavedra

Nieves Fernández Lorenzo

Inés Lorenzo Estévez

- **2º ciclo de Educación Primaria:**

Coordinadora: Alejandra Muñíos Pazo

Membros: Tania Pintos Leirós

David Fernández Saavedra

Nieves Fernández Lorenzo

Inés Lorenzo Estévez

- **3º ciclo de Educación Primaria**

Coordinadora: Adoración Estévez Gómez

Membros: David Fernández Saavedra

Nieves Fernández Lorenzo

Inés Lorenzo Estévez

Yolanda Baquero González

- **Educación Secundaria**

Coordinador: Miguel López Docampo

Membros: Javier Martínez López

Isabel Montero Domínguez

Aránzazu Román Domínguez

Nieves Fernández Lorenzo

Pilar Bon Rodríguez

Fernando Campillo García

Inés Lorenzo Estévez

Mª Dolores Barciela Castro

9.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

A Comisión de coordinación Pedagóxica estará integrada pola Directora, a Xefa de estudos, os coordinadores de ciclo e os xefes de departamento. Dita comisión terá as seguintes competencias:

- Formular propostas ó claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme ós criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo de centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
- Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

9.3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A Constitución do equipo de dinamización da lingua galega do centro ten como finalidade a potenciación da lingua galega. Dito equipo estará constituído por un profesor de cada ciclo e departamento e os seus membros serán nomeados polo Director. As súas funcións serán as seguintes:

- Elaborar o Proxecto lingüístico do centro.
- Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización e normalización lingüística.
- Proponer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar:
 - a.- Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b.- Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua galega e a mellorar a competencia dos membros da comunidade educativa.
- Proponerlle á Comisión de coordinación psicopedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Elaborar unha memoria final de curso.

O equipo de dinamización e normalización lingüística terá un coordinador que deberá desempeñar as seguintes funcións:

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos plans ou proxectos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria de fin de curso, na que se fará unha avaliación de actividades realizadas que se incluírán na memoria do centro.
- Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

9.4 EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Entenderanse como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos especiais, conmemoracións, festivais, etc.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, realizaranse fóra do horario lectivo e teñen un carácter voluntario.

O equipo de actividades extraescolares e complementarias encargarse de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. As funcións deste equipo serán:

- Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, e forma de participación do alumnado.
- Nomear un interlocutor co Consello Escolar para informalos sobre as actividades do equipo.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica e os equipos de ciclo.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírán na memoria do centro.

- Presentar propostas ó equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros e entidades do contorno do centro.

Para todas as actividades que se realicen fóra do centro necesitarase a autorización escrita dos pais ou titores legais. Dende a secretaría do centro elaborárase dito documento e porase a disposición do equipo. Ademais deberá sempre existir un profesor encargado de cada actividade sendo o responsable directo dos alumnos e alumnas que participan nela así como do material utilizado na realización da actividade.

Os distintos órganos de coordinación docente determinarán na primeira reunión de traballo a periodicidade das súas xuntanzas así como o plan de traballo de cara ó próximo curso.

10- PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

- O Proposto polo CEFORE
- Cursos de formación de educación a distancia.
- Cursos de formación desenvolto na propia escola (seminarios, charlas).

11- HORARIO DE TRANSPORTE

HORARIO DE TRANSPORTE					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada	8:55	8:55	8:55	8:55	8:55
Saída	14:35	14:35	14:35	14:35	14:35
Entrada		16:25			
Saída		18:15			

12 - REUNIÓNS DO PROFESORADO E ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

- As reunións de departamentos e dos equipos de ciclo celebraranse unha vez ó mes en horario de tarde.
- A atención ás familias farase en horario de luns a venres de 16:00 ata 17:00 h. nas gardas do profesorado de permanencia no centro. Así mesmo para favorecer a conciliación familiar, facilitaráselle ás familias a posibilidade de atención en horario de mañá, organizando cada mestre a súa dispoñibilidade en función do horario lectivo.

13 - PROCESO E PRAZOS

O proceso de implantación da xornada única vén regulado pola Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008). Os prazos a ter en conta son:

- **Votación claustro – 3 de decembro**
- **Votación Consello escolar – 10 de decembro**
- **Publicación do Censo electoral no taboleiro do centro – 10 ao 21 de decembro**
- **Haberá un prazo de 5 días hábiles para que os pais, nais ou titores legais poidan presentar reclamacións ao censo. As reclamación faranse a través do e-mail do colexio: cpr.hermanos.quiroga@edu.xunta.gal**
- **Sorteo público para a constitución da mesa – Venres 8 de xaneiro ás 17.00 horas**
Levarase a cabo na Secretaría do centro. A mesa estará constituída pola dirección do centro, que a presidirá, e dúas nais, pais ou titores legais designados por sorteo público, actuando como secretaria ou secretario a persoa de menor idade. No sorteo designaranse titulares e suplentes.
- **Votación das familias – 14 de xaneiro.** De 10 a 19 horas, horario continuado .
Necesario presentar DNI, pasaporte ou carné de conducir.
- Envío da documentación e o proxecto á Consellería durante o mes de febreiro para que a Xefatura Territorial autorice ou non o cambio.

14 - REFLEXIÓN FINAL

A idea deste Proxecto de cambio de xornada xorde polo interese amosado pola maioría dos sectores da comunidade educativa: familias, claustro e Consello Escolar que os reúne a todos. Cremos que os horarios de funcionamento dos centros deben ser tratados dentro dun contexto global de xornada escolar, diferenciando a do centro, a do profesorado e a do alumnado, de maneira que as actividades lectivas se desenvolvan en horario continuo de mañá e, no resto do horario, poida levarse a cabo unha programación extraescolar acorde coas características propias de cada centro, cunha planificación axeitada que garanta as necesidades das familias.

A experiencia doutros centros que teñen implantado este modelo, mostran un alto grao de satisfacción de toda a comunidade educativa, que permite un horario máis racional. Permiten planificar mellor o tempo de estudo e de lecer, xa que ofrece un abano máis amplo de posibilidades ao alumnado.

Tamén cremos que favorece a convivencia familiar e a conciliación da mesma, ofrecendo uns horarios máis abertos e con mellores posibilidades. Para rematar, a función docente exerce de xeito máis racional, ao equilibrar os horarios, permitindo un espazo flexible pola tarde para reunións.

O Porriño, novembro de 2020